

### Bases do concurso para o deseño do cartel dos Maios 2018

A Concellería de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca un concurso para a confección do cartel anunciador da festividade de Maios, de acordo coas seguintes bases:

**1. TEMÁTICA:** Os carteis serán representativos e estarán relacionados coa Festividade dos Maios da cidade de Ourense.

**2. PARTICIPANTES:** Poderá concursar toda persoa física ou xurídica.

**3. RECEPCIÓN DAS OBRAS:** Os traballos serán entregados no Rexistro Xeral do Concello nun sobre, onde figurará “Concurso carteis Maios 2018” e debaixo un pseudónimo ou lema; dentro deste, nun sobre pechado, no que figurará por fóra o mesmo pseudónimo ou lema, os datos de identificación, enderezo e teléfono. Só se abrirá o sobre da obra que resulte premiada.

O prazo límite para todos os efectos de presentación, será de 20 días naturais que comezarán a contar desde a publicación na páxina web do Concello ([www.ourense.gal](http://www.ourense.gal)), e nun xornal de máxima difusión provincial.

**4. DEVOLUCIÓNS DAS OBRAS:** Os traballos presentados quedarán en poder do Excmo. Concello de Ourense. O deseño gañador será empregado como imaxe da festividade dos Maios. Os restantes poderán pasar a recollelos nun prazo de 30 días seguintes á finalización do concurso, xuntando a folla que reciben en rexistro.

**5. FORMATO:** Os carteis deberán de incluír obrigatoriamente o seguinte texto:

“Maios, Festa de interese turístico”

Os orixinais, que deberán ser inéditos, serán presentados en dous tipos de soporte:

- Gravados en alta resolución nun CD (lexible en PC), en formato editable: Adobe Photoshop, Illustrator o Freehand.
- Impresos e pegados sobre cartón pluma debidamente protexido de tamaño 50x70 cm. adoptando forma vertical.

Ademais, terán un espazo libre igual ou superior a 5 centímetros de alto no seu borde inferior para que, con carácter anterior á impresión, a Concellería de Cultura poida incorporar os logotipos e lendas que considere oportunos. Se a execución técnica dos carteis requirise algunha modificación para a súa mellor impresión, a Concellería de Cultura poderá impor esta variación logo da consulta co/ a autor/ a. Valorarase positivamente a creatividade neste sentido e o encaixe do anagrama municipal.

O cartel elixido será utilizado tamén como imaxe gráfica integrante dos anuncios na prensa escrita, carteis, mobiliario urbano publicitario, e outros elementos divulgativos que editará o Concello para promocionar o programa de actividades desta festa. As adaptacións serán as que indique o Gabinete de Comunicación para que os resultados acaden a mellor eficiencia en cada un dos soportes.

**6. PREMIO:** O premio do concurso será de 800 € (oitocentos euros) para o traballo gañador, que poderá ser declarado deserto se o xurado así o considerase oportuno. É imprescindible facilitar a ficha de terceiros no prazo dos 10 días hábiles seguintes á notificación do premio. De non ser así, entenderase que o/ a

agraciado/ a renuncia ao premio.

**7. PROPIEDAD DAS OBRAS:** Os carteis premiados deberán presentarse en formato electrónico para a súa mellor reprodución e adaptación, e pasarán a ser propiedade municipal con todos os dereitos de libre reprodución e difusión.

**8. XURADO:** A decisión do xurado será inapelable. Estará formado polas seguintes persoas:

**Presidencia**

- Directora de Áreas Expositivas do Concello de Ourense (ou a persoa en quen delegue).

**Vogais**

- Un/unha funcionario/a do Servizo de Cultura do Concello de Ourense.
- Dúas persoas de recoñecida traxectoria nos eidos do deseño gráfico ou no das artes.
- Un/unha técnico do Gabinete de Prensa do Concello de Ourense.

**Secretario/a (sen voto)**

- Xefa de negociado de cultura ou funcionario que a substitúa.

O xurado valorará o conxunto de debuxos presentados tendo en conta a adecuación á temática, a orixinalidade e a calidade artística.

**9. DECISIÓN DO XURADO:** Farase público por comunicado oficial de prensa aos medios de comunicación e na páxina web do Concello [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal) e da Concellería de Cultura [www.ourensecultura.com](http://www.ourensecultura.com).

**10. ACEPTACIÓN DAS BASES:** As persoas participantes, polo feito de concursar, aceptan todos os puntos contidos nestas bases e as decisións do xurado sen dereito a reclamación.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. O interesado poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico [cultura@ourense.es](mailto:cultura@ourense.es) ou por correo ordinario á Concellería de Cultura (rúa da Canle 2–32005 Ourense).

Ourense, marzo de 2018